

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

CORRECCIÓN DE ERROS. Orde do 16 de xaneiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, de carácter plurianual e en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de obras de eficiencia enerxética en edificios e infraestruturas vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia, susceptibles de ser cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027 (código de procedemento PR486D).

Advertiuse un erro material no anexo V da devandita orde publicada no DOG núm. 13, do 18 de xaneiro de 2014.

O artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, permite que estas poidan rectificar, en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Con base no anterior, procédese á corrección de erros e á publicación íntegra do devandito anexo V:

Na páxina 4344, no anexo V, Certificación da Secretaría, fase de xustificación, onde di:

«...aprobose/aprobáronse a/as factura/s e/ou certificación/s de obra correspondente/s á execución do proxecto subvencionado, por importe total de _____ € (IVE excluído)...».

Debe dicir:

«...aprobose/aprobáronse a/as factura/s e/ou certificación/s de obra correspondente/s á execución do proxecto subvencionado, por importe total de _____ € (IVE incluído)...».



VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

ANEXO V

CERTIFICACIÓN DA SECRETARÍA - FASE DE XUSTIFICACIÓN
PR486D - SUBVENCIONS A CONCELLOS PARA A MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NOS EDIFICIOS E INFRAESTRUTURAS
MUNICIPAIS

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

ENTIDADE LOCAL

NIF

DATOS DA PERSOA QUE CERTIFICA

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)

CERTIFICA:

1. Que con data [] , mediante [] (acordo/decreto/resolución/otros) do/da []
(Alcaldía/Xunta de Goberno local/Pleno/otros) aprobouse/aprobáronse a/as factura/s e/ou certificación/s de obra correspondente/s á
execución do proxecto subvencionado, por importe total de [] € (IVE incluído), co seguinte detalle:

Persoa acreedora	Concepto	Núm. factura/ certificación	Data factura/ certificación	Importe (€)	Data de pagamento

2. Que no citado acordo se fai constar o cumprimento da finalidade para a cal foi concedida a subvención.
3. Que, segundo o informe da Intervención municipal, tomouse razón na contabilidade dos pagamentos anteriormente relacionados, correspondentes á execución do proxecto subvencionado.
4. Que, segundo o informe da persoa secretaria do concello, na tramitación e contratación das obras cumpriuse a normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe os contratos do sector público.
5. Que a formalización do contrato ou, no caso dos contratos menores, o documento equivalente asinouse o día []
E para que así conste, para os efectos do exixido na Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, de carácter plurianual e en réxime de concorrència competitiva, para a realización de obras de eficiencia enerxética en edificios e infraestruturas vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia, susceptibles de ser cofinanciadas no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, asino esta certificación.

SINATURA DA PERSOA QUE CERTIFICA

Lugar e data

[] , [] de [] de []

Cofinanciado pola
Unión Europea

Fondos Europeos

Dirección Xeral de Administración Local

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>